

**CIG****Boletín
Sindical**

Nº 60 - 2022

www.cig.gal

Por unha Galiza ceibe e sen explotación

25 de Xullo, Día da Patria Galega: somos clase, somos nación!

A CIG chama a participar nos actos do nacionalismo

O 25 de xullo, como todos os días do ano, reivindicamos os dereitos da patria galega porque somos clase, somos nación, pobo traballador orgulloso e consciente da necesidade de decidir nós o noso futuro e de autogobernarnos para poder vivir a traballar dignamente na nosa Terra.

A CIG chama a clase traballadora galega a participar nos actos que o nacionalismo convoque en Santiago de Compostela o vindeiro 25 de Xullo.

Hoxe é unha necesidade vital para o futuro da humanidade unha nova orde mundial asentada na paz, en pobos e nacións libres, soberanas, non sometidas nin dominadas, onde as relacións internacionais se den en pé de igualdade.

Este novo 25 de xullo chegar cando estamos nunha situación económica e social extrema na que se está a aproveitar a guerra na Ucraína para xustificar os altos prezos da electricidade, dos combustíbeis e de moitos bens de consumo básicos que xa arrastrabamos desde antes. Unha disparada carestía da vida e un galopante aumento da pobreza laboral fronte ao que a CIG reclama políticas públicas e salarios dignos que reduzan os efectos devastadores dos altos prezos, freen o imparable medre do empobrecemento da clase traballadora e garantan unhas condicións de vida digna para as maiorías sociais.

A guerra de Ucraína e a pandemia provocada pola covid afondaron aínda máis na crise económica e social que arrastraba o noso país. Un proceso no que a descarbonización e dixitalización da economía non persegue o benestar das persoas, a xustiza social ou o reparto do traballo, senón aumentar a marxe de beneficios do capital, causando máis

desemprego, máis desigualdades e máis pobreza laboral.

O oligopolio das empresas eléctricas esténdese sen asumir os custos sociais, laborais e ambientais que provoca, mentres asistimos a un rexurdir especulativo ligado ás enerxías renovábeis. Máis espolio dos nosos recursos derivado da situación de dependencia colonial que padecemos, para que nos sigan saqueando e estragando o noso territorio. Soben o prezo da luz malia Galiza ser exportadora de electricidade e subministradora dos recursos para que outros territorios teñan máis emprego e industria, mentres en Galiza aumenta a pobreza enerxética, a emigración e as ameazas para milleiros de postos de traballo.

As políticas do PP na Xunta, antes con Feixóo e agora con Rueda, contribúen a agravar aínda máis esta situación, porque a saída que teñen deseñado para a crise, servil ao poder económico, pretende facer do noso país un eucaliptal, un gran parque eólico e un enorme Camiño de Santiago como reclamo do turismo, que non crea emprego e que o pouco que crea é precario e temporal. Un modelo que busca manter unha Galiza de emigración, aventellamento da poboación, sen emprego e industria, con importantes sectores produtivos e comarcas agonizando.

Saída galega xusta e plan de recuperación

Son urxentes medidas extraordinarias de intervención pública, de cambios profundos nas políticas económicas e fiscais, que non vemos incluídas en ningún dos chamados Plans de Resposta Económica á Guerra aprobado polo Goberno español. Non podemos



permitir que se destine máis diñeiro público para armamento (o 2% do PIB) que para acabar cos efectos devastadores que a carestía da vida está a causar nas maiorías sociais.

Ante esta situación a CIG leva meses mobilizándose esixindo dos Gobernos un Plan de Choque, un conxunto de medidas urxentes para frear os altos prezos, para afrontar unha saída galega xusta da crise coa aprobación dun Plan Galego de recuperación económica, industrialización, creación de emprego digno e defensa dos servizos públicos.

Fronte a isto, fai un chamamento a participar nos actos do Día da Patria Galega, conscientes da necesidade de termos soberanía para decidir sobre o aproveitamento dos nosos recursos e sobre o noso modelo económico e social; diversificar as nosas capacidades produtivas e industriais; e procurar un mellor equilibrio territorial e ambiental que estea ao servizo da rendibilidade social e non privada, evite a destrución de emprego e a emigración, consolide o respecto polos dereitos laborais e mellore as condicións de traballo e de vida do pobo galego.

Ante a carestía da vida precisamos políticas alternativas e intensificar a mobilización

Ante o medre imparábel da carestía da vida que está a provocar un maior empobrecemento da clase traballadora galega cómpren políticas públicas e salarios dignos, mais tamén intensificar a conflitividade para que a maioría social non sexa de novo quen pague as consecuencias da crise.

Esta foi unha das conclusións da asemblea nacional de delegadas e delegados que a CIG realizou o pasado 15 de xullo en Compostela, concibida tamén “como posta a punto para afrontar os retos, ameazas e desafíos” que ten a central sindical por diante, nun contexto de elevado desemprego, inflación á alza e cos prezos da electricidade, dos combustíbeis e de moitos produtos de primeira necesidade a prezos desorbitados.

Un medre da carestía fronte ao que resultan insuficientes as medidas do chamado Plan de resposta económica á guerra, máis pensadas na propaganda que en implementar cambios reais e profundos nas políticas públicas, económicas e laborais. “Pretender responder a unha situación como a que temos manténdose na disciplina neoliberal é aumentar a inxustiza e a desigualdade social, ao tempo que axuda a crear as condicións para que a dereita e o fascismo medren”, advirte o secretario xeral da CIG, Paulo Carril.

A isto súmaselle o intenso paquete de reformas para satisfacer as inxustas e duras exixencias da UE “e poder acceder a uns envelenados fondos europeos que nos están a hipotecar de futuro”. Na mesma liña hai que entender os chamados ao Pacto de Rendas, que teñen como obxectivo impor a moderación salarial, imposibilitando calquera recuperación do poder adquisitivo dos salarios.



Estas medidas do Goberno español favorecen as nefastas políticas do PP en Galiza, que o novo presidente da Xunta xa manifestou que vai continuar, converténdose nas peores solucións para afrontar a crise económica, industrial e social que temos no noso país.

Diante desta crúa realidade, “estarmos organizados/as é máis necesario ca nunca. Porque onde hai CIG, hai sindicato, hai capacidade de loita, hai unidade, hai organización, hai poder sindical e temos dereitos”, salientou Carril. O secretario xeral instou a facer unha clara aposta por reforzar a nosa resposta a través da mobilización xeral, da negociación colectiva, así como “ir a por todas nas eleccións sindicais para ampliar a nosa capacidade de crear sindicato,

de organizar máis e mellor a clase traballadora galega”.

É aquí onde temos que centrar os nosos próximos obxectivos, con firme decisión na acción sindical, con máis esforzos na construción de organización social, de poder popular, para mellorar na loita e na mobilización, para avanzar na conquista de dereitos e conseguir políticas alternativas.

Cómpre pois reivindicar un Plan galego de recuperación económica, industrialización, creación de emprego digno e defensa dos servizos públicos para afrontar unha saída galega xusta da crise, na liña da proposta que temos elaborada pola CIG; e de xeito paralelo, intensificar o conflito na negociación colectiva.

“Non temos alternativa, estamos chamados/as ao conflito na negociación colectiva, a xerar dinámicas mobilizadoras máis intensas e máis extensas para facer fronte a esta situación, para que non nos rouben o dereito a negociar en Galiza os nosos convenios, defendendo o noso poder de negociar e decidir nós de forma directa e democrática as nosas condicións de traballo, os nosos salarios, impedindo que o fagan as cúpulas sindicais de UGT e CCOO desde Madrid”.

Por iso, concluíu Carril, neste momento histórico que estamos a vivir “necesitamos ir a máis na nosa capacidade de confrontar contra o poder económico e político que lle fai as súas políticas para acumular máis riqueza e beneficios a costa do roubo e saqueo da clase traballadora. O único camiño é a loita e a mobilización, porque os dereitos non os regalan, non veñen do diálogo social, nin os concede un goberno porque si”

Cómpre reivindicar un plan de recuperación para afrontar unha saída galega xusta da crise.